

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Maio 2009

NOTA DE PRENSA

En maio de 2009 os prezos dos bens exportados e importados en Galicia diminuíron en termos interanuais un 6,1% e un 13,1% respectivamente

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 6,1% en maio de 2009 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron unha diminución interanual do 13,1%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 2,6% e os dos importados un 10,7%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do 8,7%. Pola contra, os prezos dos bens de consumo e bens intermedios diminuíron un 5,9% e un 10,0% respectivamente.

Nas importacións, os prezos dos bens de consumo, bens de equipo e bens intermedios diminuíron con respecto a maio de 2008 un 0,3%, 1,6% e 17,2% respectivamente.



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Maio 2009

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	-6,1	-2,6	ÍNDICE XERAL	-13,1	-10,7
Bens de consumo	-5,9	-4,0	Bens de consumo	-0,3	1,5
Bens de equipo	8,7	14,3	Bens de equipo	-1,6	-12,3
Bens intermedios	-10,0	-4,4	Bens intermedios	-17,2	-14,3

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 1,1% para os bens con destino a países non pertencentes á OCDE. Os prezos dos bens con destino a UE-25 e a OCDE diminuíron un 9,6% e un 7,2% respectivamente.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE diminuíron un 12,8% e os procedentes do resto de países un 13,9%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Maio 2009

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-9,2	-4,1	UEM	-11,2	-7,7
UE-25	-9,6	-5,0	UE-25	-12,1	-9,3
OCDE	-7,2	-3,4	OCDE	-12,8	-11,1
Resto de países	1,1	2,5	Resto de países	-13,9	-9,8

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>